

## AXUDÁMONOS

### Con esta actividade pretendemos...

Buscar solucións solidarias e en grupo, aos problemas que se nos expoñen.

### Durará

A actividade está pensada para realizarse nunha sesión.

### Necesitaremos

Figura de mostra da árbore (anexo).

Fotocopias dos patróns da árbore (anexo).

Pinturas de cores (verde e marrón).

### Consideracións previas

Formar catro grupos cos nenos e nenas, e repartir as pezas da árbore e as pinturas da seguinte maneira:

Grupo 1: Peza 1 – Cor marrón

Grupo 3: Peza 3 - Cor marrón

Grupo 2: Peza 2 – Cor verde

Grupo 4: Peza 4 - Cor verde

Desta forma, na primeira fase cada persoa do grupo ten a mesma peza do quebra cabezas e o mesmo cor de pinturas. Pretendemos que non poidan formar e colorear por si mesmos a figura completa.

Na reflexión final, recalcar ideas como:

- A importancia da comunicación á hora de atopar solucións aos problemas.
- A riqueza que dá comunicarse con persoas diferentes e que pensan distinto.
- Que todos e todas nos necesitamos e podemos obter axuda dos demais.

### 1ª Fase: Axudámonos?

Dividir aos nenos e nenas en catro grupos. Entregar a cada grupo as súas pezas da árbore segundo as indicacións previas. Ensinar a figura de mostra da árbore e pedir que tenten encaixar todas as pezas do quebra cabezas para conseguir formala.

Tras un tempo, reflexionar en gran grupo a partir de preguntas como:

- Conseguistes montar o quebra cabezas? Por que?
- Que podemos facer para solucionar o problema e conseguir que cada grupo monte o seu quebra cabezas?

Deixar que os nenos e as nenas acheguen solucións, e se é necesario, axudar para que as atopen: animarlles a que se pregunten entre os grupos, convidarlles a que vaian ver as figuras doutros grupos, a que intercambien pezas, etc.

No caso de que atopen a solución, pedir aos grupos que constrúan o quebra cabezas da árbore.

### Para rematar, hai que reflexionar

Realizar unha segunda reflexión a partir de preguntas como:

- Agora conseguistes formar o quebra cabezas, por que?
- Que tivestes que facer para conseguilo?

Para finalizar, cada integrante coloreará a súa peza do quebra cabezas e montarán a árbore, cumprindo co obxectivo marcado.

**Lembrar que un superheroe de verdade sabe traballar en equipo e sempre busca o mellor para o grupo.**

